



revista virtual de xénero
da Casa da Muller
do Concello de Lugo

[Portada](#)

[Plan de Igualdade
Galego Castellano](#)

[Casa da Muller](#)

[Noticias](#)

[Historia de mulleres](#)

[Axenda Cultural](#)

[Galería de Arte](#)

[Mullerciclopedia](#)

[Mullerrecetario](#)

[Viaxeiras](#)

[Opinionas](#)

[Foeminas Panorámica](#)

[Conectadas](#)

[Foro](#)

[Becas e axudas](#)

[Staff](#)

[Contacto](#)



Galería de arte Mary Quintero

Pionera da fotografía como profesión



No mes no que se celebra o Día Internacional da Muller Traballadora quixemos destacar o traballo, o esforzo e a dedicación dunha notable profesional e artista galega. Por iso é un honor presentar en [Foeminas](#) a obra da lucense Mary Quintero, a través de quen conmemoramos non só unha longa traxectoria, senón o exemplo cara a outras mulleres.

Dende moi nova

Mary Quintero Corredoira naceu en Lugo fai 76 anos; ao parecer herdara dos seus pais (Aurelio e Amadora) nin máis nin menos que unha profesión. Máis aló do legado na súa adolescencia tivo a ousadía suficiente como para deixar en claro cales eran as súas inquietudes e as súas paixóns, "Nunha ocasión abrin a porta do estudo e unha señora preguntoume está a túa mamá? Eu díxenlle, pois non, pero si quere, fágolle unha foto" ([En línea](#)).



Programa das
VII Jornadas locais
sobre violencia
de xénero.

Informe sobre prostitución en
Lugo.

Mary foi enviada a Madrid onde tomou clases de fotografía cun fotógrafo amigo dos seus pais adquirindo os coñecementos da profesión. Tamén aprendeu debuxo na escola de arquitectura nesa mesma cidade.

Foi tal o impulso e a capacidade creativa que tiña que con tan só 15 anos realizou a súa primeira exposición de fotografía no Círculo das Artes de Lugo.

Aos 19 anos casouse e foise a vivir a Vigo onde desenvolveu a súa profesión ata a actualidade; profesión por demais competitiva e na que había escaso lugar para unha muller nova. Enseguida, e grazas ao seu talento e empeño o seu estudo foi o lugar elixido polas máis distinguidas familias viguesas. Na época dos retratos en branco e negro, a fotógrafa soubo aportar a partir da súa propia paleta, o condimento equilibrado e harmónico da cor. Deste xeito, Mary e foise convertendo na máis prestixiosa retratista de toda Galicia.

O traballo trouxo máis traballo e con el chegou tamén o recoñecemento, tanto do público, como da crítica e especialmente dos seus pares. Foi premiada polos seus colegas a través do voto e recoñecida como "Mellor fotógrafa do ano". Todos estes recoñecementos levárona a impartir conferencias relatando a súa experiencia en distintas partes do Estado español e no exterior, en rexións tan diversas como Portugal, México e Venezuela. Ademais, recibiu varias distincións entre as que poden mencionarse: a Medalla Merixel do Principado de Andorra, a Granada de Ouro, a Medalla de Ouro da Asociación de Sevilla, premio do ano de fotografía polo seu libro "Álbum de carnaval", varios premios Kodak á noiva do ano, viguesa distinguida, Medalla de Ouro da Asociación Valenciana, Medalla de Galicia, etc.

No presente Mary Quintero está xubilada, pero segue traballando e aprendendo, colaborando no estudo que lle legou á súa filla, tamén fotógrafa, incorporando o procedemento da dixitalización de arquivos para conservar o seu traballo e retomando a pintura, a súa outra profesión.

Fai dous anos presentou unha exposición fotográfica que tiña como protagonistas ás vacas da exhibición Cow Parade de Vigo. Esta exposición transformouse en itinerante cando Marta, outra das súas fillas, colgou as súas obras na famosa Granxa Maruxa de Monterroso. Mary Quintero explicou o seu interese polas vacas da Cow Parade, argumentando:

unha vida de convivencia con elas, como boa galega, e agora ofrécese unha nova perspectiva, un marabilloso reto, a maxestualidade do cotián plasmada en arte. Todo un pulso, a obra está aí, saíamos ás rúas, aportemos un pouco de maxia dá luz, renovemos a nosa ollada. (En [linea](#))

Neste número só vos ofrecemos unha ínfima parte deste belo e logrado traballo.

Micaela Fernández Darriba



Turicow



Vaca verde



Vacastro



Vacavoy



cocovia



¿Onde vas rainxeira?